



ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA VINTE E DOUS DE FEBREIRO DE 2017, CON CARÁCTER ORDINARIO

SRES. ASISTENTES:

Presidente:	D. CARLOS MARTÍNEZ CARRILLO
Concelleiros/as	D. MANUEL COSTA CARNEIRO
	D ^a . MARGARITA DEVESA CARDELLE
	D. ROGELIO LEMA MOUGÁN
	D ^a . MARÍA JESÚS PIÑEIRO CALDELAS
	D. ENRIQUE VÁZQUEZ MARTÍNEZ
	D. JUAN MANUEL CERNADAS MÉNDEZ
	D. RAMÓN MANUEL LAGO LESTÓN
	D ^a . MARÍA DEL PILAR PEREIRO REY
	D ^a : BEATRIZ AMENAL JUNQUERA
	D. EUGENIO BARREIRO GÓMEZ
	D. JOSÉ ANTONIO POSE RODRÍGUEZ
	D. ROBERTO CASTRO ROCAMONDE
Secretario	D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO

Na Casa do Concello de Vedra, sendo as vinte horas e trinta minutos do día vinte e dous de febreiro de dous mil dezasete, baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente D. Carlos Martínez Carrillo, reúnese en sesión ORDINARIA o PLENO DO CONCELLO, figurando os membros do mesmo ao comezo desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pasan a tratar os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (30/01/2017).

Dáse conta da acta da sesión ordinaria celebrada o pasado trinta de xaneiro que é aprobada por unanimidade dos asistentes.

2º.- Dar conta da liquidación do orzamento municipal do exercicio 2016.

Dáse conta da liquidación do Orzamento do exercicio 2016, aprobada por Resolución da Alcaldía núm. 31/17 , de data 31 de xaneiro, que presenta un resultado presupostario axustado de douscentos seis mil catrocentos sesenta e tres euros con vinte e dous céntimos (#206.463,22#) e un remanente de tesoureira para gastos xerais positivo de catorce mil catrocentos oitenta euros con cincuenta e un céntimos (#14.480,51#) sendo o resumo da mesma o que de seguido se relaciona:

RESULTADO PRESUPOSTARIO	Euros
+ Dereitos recoñecidos netos	4.338.547,51
- Obrigas pendentes de pago	4.126.047,25
RESULTADO PRESUPOSTARIO ANTES DE AXUSTES	212.500,26
+ Desviacións negativas de financiamento	6.767,39
- Desviacións positivas de financiamento	12.804,43
+ Gastos financiados con Remanente Líquido de Tesourería	-6.037,04
RESULTADO PRESUPOSTARIO AXUSTADO	206.463,22



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



REMANENTE DE TESOURERÍA	
+ Fondos existentes na Tesourería a 31-12-2016	73.860,63
+ Dereitos pendentes de cobro	672.134,45
- Obrigas pendentes de pago	639.579,89
REMANENTE LÍQUIDO DE TESOURERÍA (TOTAL)	106.415,19
- Saldos de dubidoso cobro	79.130,25
- Exceso de financiamento afectado	12.804,43
REMANENTE DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS	14.480,51

O pleno dáse por informado.

3º.- Dar conta da Resolución da Alcaldía núm.27/17 pola que se aproba a prórroga para o exercicio 2017 do orzamento municipal do exercicio 2016.

Dáse conta da Resolución da Alcaldía núm. 27/17, de data vinte e seis de xaneiro, que di o seguinte:

“Considerando que non resultou posible cumprir, antes do 31 de decembro do ano 2016, cos trámites necesarios para que o Orzamento municipal do vixente exercicio 2017 entrara en vigor o pasado 1 de xaneiro, polos motivos expostos na Providencia da Alcaldía que iniciou o presente expediente de prórroga do Orzamento.

Considerando o informe de Intervención de data 25/01/2017, emitido a pedimento desta Alcaldía, sobre a prórroga para o actual exercicio 2017 do Orzamento municipal do exercicio anterior (2016).

Examinada a demais documentación que obra no expediente e visto o informe-proposta de Secretaría emitido con data 26/01/2017.

De conformidade co establecido nos artigos 169.6 do Texto Refundido da Lei Reguladora das

Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, e 21.4, segundo parágrafo, do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril,

RESOLVO

PRIMEIRO. Aprobar para o presente exercicio económico 2017 a prórroga do Orzamento municipal do exercicio anterior (2016), polos motivos que constan no expediente e co contido sinalado no informe de Intervención de data 25/01/2017, emitido para o efecto.

SEGUNDO. Mentres que non se aprobe, con efectos de 1 de xaneiro, o Orzamento definitivo do exercicio 2017, estará en vigor o prorrogado, o cal poderá ser obxecto de calquera das modificacións previstas pola Lei, coas salvedades e demais indicacións establecidas nos puntos 6 e 7 do artigo 21 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril.

TERCEIRO. Dar conta da presente Resolución ao Pleno da Corporación na próxima sesión que se celebre.”

O pleno dáse por informado.

4º.- Aprobación inicial, se procede, da modificación puntual do PXOM: modificación de aliñacións e espazos públicos asociados a dotacións e equipamentos nos núcleos de San Fins de Sales, Santa Cruz de Ribadulla, Tomonde, O Coto e San Pedro de Sarandón.



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



Considerando que mediante providencia da Alcaldía de data 22 de xullo de 2016, se manifestou a necesidade e conveniencia con relación aos intereses públicos e privados concorrentes, de promover a modificación puntual do Plan Xeral de Ordenación Municipal deste concello, aprobado por Orde do 30 de xaneiro de 2007 (DOG núm. 30/07, do 12 de febreiro) e por Orde do 8 de maio de 2007 (DOG núm. 99/07, do 24 de maio), denominada *Modificación de aliñacións e espazos públicos asociados a dotacións e equipamentos nos núcleos de San Fins de Sales, Santa Cruz de Ribadulla, Tomonde, O Coto e San Pedro de Sarandón*, neste termo municipal, que afecta a diversos ámbitos, nos termos do proxecto redactado por don Fermín González Blanco, en calidade de arquitecto.

Considerando que a modificación puntual proposta se axusta ao disposto no artigo 83 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia

Logo de remitido o proxecto ao órgano ambiental competente que se pronunciou resolvendo a non necesidade de someter a modificación puntual obxecto do expediente a avaliación ambiental estratéxica, a través da resolución do 9 de decembro de 2016, pola que se formulou o informe ambiental estratéxico (expediente 2016AAE1931), código web 1856/2016, e publicada no DOG núm. 4/17, do 5 de xaneiro, e que consta no expediente.

Realizada a tramitación legalmente establecida, visto o contido dos informes de Secretaría e dos Servizos Técnicos Municipais, e á vista do disposto, entre outras, nos artigos 60 e seguintes da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, proponse ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

1º.- Aprobar inicialmente o proxecto de modificación do Plan Xeral de Ordenación Municipal deste concello, denominada *modificación de aliñacións e espazos públicos asociados a dotacións e equipamentos nos núcleos de San Fins de Sales, Santa Cruz de Ribadulla, Tomonde, O Coto e San Pedro de Sarandón*, neste termo municipal, que afecta a diversos ámbitos, nos termos do proxecto, de data decembro de 2016, redactado por don Fermín González Blanco, en calidade de arquitecto.

2º.- Abrir un período de información pública polo prazo de dous meses, mediante anuncio que se publicará no DOG e nun dos xornais de maior difusión da provincia. Durante o mencionado período quedará a disposición de calquera que queira examinalo para que se presenten, de ser o caso, as alegacións que estimen pertinentes.

3º.- Suspender o outorgamento de licenzas naqueles ámbitos do territorio obxecto de modificación, polo prazo máximo de dous anos.

4º.- Dar traslado de toda a documentación ao órgano competente en materia de urbanismo que realizará as consultas previas no documento de alcance do estudo ambiental (de ser o caso), dará audiencia aos municipios limítrofes e solicitará os informes sectoriais autonómicos preceptivos. Ao mesmo tempo o concello solicitará os informes sectoriais que lle correspondan.

Dona Beatriz Amenal do PSdG-PSOE di que a postura do seu grupo vai ser a abstención porque manteñen as dúbidas sobre Tomonde. Continúa dicindo que esta modificación parcial do PXOM, é unha cuestión que xa levaba o PP no seu programa do 2015, que era algo pendente do ano 2011; e hoxe chega a unha modificación puntual de cinco núcleos que afectan a espazos públicos. Xa saben cal vai ser unha das promesas na seguinte campaña electoral: a modificación parcial do PXOM pendente do ano 2015 que á súa vez está pendente do ano 2011.



O Sr. Pose Rodríguez do BNG-AA di que o seu grupo vaise abster. Non lles importaría votar a favor, pero na comisión informativa solicitáronlle un documento de compromiso por escrito de que o edificio se construíría con proxecto. Cren que se o concello fai o esforzo de modificar o planeamento, o seu sería que de forma recíproca existise un compromiso escrito de que se vai realizar ese edificio cun proxecto que obviamente recolle unha memoria urbanística co correspondente visado oficial, licenza municipal, etcétera, igual ca calquera outro veciño.

Así mesmo, recórdalle que no cemiterio de San Pedro de Sarandón coiden a conservación patrimonial do entorno.

A Presidencia, no referente a San Pedro, di que hai que realizar unha ficha patrimonial, porque Patrimonio ten que pronunciarse sobre o que se faga alí.

En canto ao que sinala o PSdG-PSOE da modificación di que hai dez días tiveron nunha xunta de portavoces unha discusión construtiva e profunda cos técnicos sobre como se estaba formulando a modificación.

Di que esta é unha terceira modificación en aspectos públicos e sociais que era necesaria levar adiante. Houbo unha modificación moi importante que se aprobou como era a do polígono industrial. Saben que lles queda moito camiño por recorrer e moitas dificultades, pero os pasos que se están dando e para sacalo adiante. Espera unha boa sintonía para tratar de axilizar os trámites todos o máximo posible.

O Sr. Pose Rodríguez do BNG-AA di respecto do tema do cemiterio, que o que está alí xa está sometido ao criterio de Patrimonio, que hai uns nichos de bloque “preciosos”. Patrimonio non se vai meter coa Igrexa, vaise meter cos veciños, e o que pode acontecer é que van terminar arrodeando aquel espazo e o cruceiro con algo moi parecido.

Posta a votación a proposta, o Pleno, con sete votos a favor do PP e seis abstencións do BNG-AA e do PSdG-PSOE acorda aprobala.

5º.- Aprobación, se procede, do Plan Provincial de Cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) (POS+2017)

Dáse conta das bases reguladoras do Plan Provincial de Cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS + 2017”, aprobadas polo Pleno da Deputación en sesión ordinaria celebrada o vinte e cinco de novembro de dous mil dezaseis (BOP num. 226/17, do 29 de novembro)

Ao abeiro das mesmas, proponse:

1.- “Participar no *Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2017”* da Deputación Provincial da Coruña, cuxas bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega e préstamo provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo a “achega provincial 2017”, “achega provincial 2016” e “préstamo provincial 2017”:

Financiamento de gastos correntes:

	Deputación
Achega provincial 2017 aplicada ao financiamento de gastos correntes	265.877,82
Subtotal gasto corrente	265.877,82



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



Financiamento de investimentos:

ACHEGA PROVINCIAL 2016 (Investimentos financeiramente sostibles)	Financiamento do investimento		
	Deputación	Concello	Orzamento total
Asfaltado de viais municipais en San Xián , San Fins , Ponte Ulla e outras	163.617,12	81.924,27	245.541,39
Subtotal investimentos achega provincial 2016	163.617,12	81.924,27	245.541,39

Aprobar os proxectos das obras incluídos no POS+ 2017 e que se relacionan nestas táboas.

Redución de débeda con entidades financeiras:

Entidade financeira	Número/código do préstamo	Importe de “préstamo provincial 2017” aplicado á redución da débeda
BBVA	9545617101	42.000,00
BBVA	9546318003	40.000,00
BBVA	9550281511	7.888,40
ABANCA	0330672014	86.0000,00
Subtotal redución de débeda con entidades financeiras		175.8888,40

2.- Aprobar o Plan Complementario do ano 2017 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos:

Denominación dos investimentos financeiramente sostibles (mínimo do 20% do total de achega e préstamo provincial asignado)	Orzamento
Asfaltado de viais en San Xián, Merín e San Mamede	228.759,97
TOTAIS	228.759,97

3.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

4.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2017 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos na anualidade do 2017, se a houbera.

5.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña, a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



6.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

7.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

8.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.”

Por parte da Presidencia dáse unha explicación detallada ao respecto.

Dáse conta así mesmo, do informe favorable da Comisión de Urbanismo e Plans.

A presidencia di que lle parece unha boa idea que haxa un plan único e que ten unhas vantaxes importantes, primeiro porque se sabe cara os orzamentos do que se vai dispor; e segundo porque supón un aforro na tramitación e traballo burocrático dentro da administración.

Así mesmo, tamén ten os seus inconvenientes. Neste caso, sábese a cantidade a medias, por ese plan complementario ou dinámico como lles gusta chamar.

O concello recibe este ano 605.000 € nos que se indúe o PAS, POS, PAI, pero tamén se inclúen unhas liñas de subvención que expresamente se suprimen e que teñen unha serie de denominacións que non vai determinar.

No ano 2016 recibíronse arredor aos 700.000 €. Agora mesmo son 100.000 € menos. Non obstante confía e está convencido e mesmo espera que esa diferenza de 93.000 – 94.000 € que este ano, en principio, non recibe, que a final de ano sexa ao revés e que se reciban máis deses 93.000 €.

Di que todo o que se poida xustificar con gasto é moito máis sinxelo tanto para a parte administrativa como para á hora da xustificación. Iso non quere dicir que non se vaian realizar inversións, quer dicir que nos orzamentos municipais do 2017 haberá unhas bolsas máis grandes para acometer inversións con fondos propios.

Hai unha parte que vai destinada obviamente a préstamos e con iso seguen amortizando e practicamente liquidando todo o que tiñan.

Outra parte, evidentemente, vai dedicada a inversións. Neses dous plans, un principal de 250.000 € cunha achega da Deputación de 163.000 € eo resto, 80.000 € por parte do concello. É así, porque a experiencia dilles que logo nas adxudicacións das obras as baixas a quen afectan ao 100 % é á parte do concello, co cal é importante facer uns proxectos grandes, amplos, porque de feito o ano pasado as baixas chegaron a afectar incluso en 40.000 € a achega que facía a Deputación, co cal non recibiron eses cartos.

Di que no plan complementario tamén é así. Van 230.000 € porque confía en que a achega sexa superior a eses 90.000 € que lles vai permitir facer ese plan complementario, que é dinámico, isto é, teñen que aprobalo e remitilo, pero a Deputación permite nun momento dado cambiar as preferencias e os criterios en relación ao que vai nese plan dinámico.

Di que levan meses falando que nun orzamento tiñan que meter unha cantidade importante para reparar pistas municipais, aparecendo neste proxecto pistas en nove



parroquias. Quedan pendentes Vedra, San Pedro de Sarandón e San Pedro de Vilanova. É certo que nestas parroquias nomeadas tamén se fixeron inversións en pistas en anos anteriores e nalgunhas que van este ano, non se fixeron antes. Isto non que dicir que non se fagan este ano arranxos nas pistas desas tres parroquias, porque queda outro plan pendente, que volve haber este ano, como é o de Agader para pistas, co cal estas tres parroquias irán preferentemente nese plan, co que finalmente actuarán nas doce parroquias este ano 2017.

Di que é a proposta do grupo de goberno e pide o voto favorable ou cando menos a abstención dos grupos da oposición.

Dona Beatriz Amenal do PSdG-PSOE di que a pesares do que lles dixo na comisión van votar a favor porque cumpre cos obxectivos do plan.

Di que este POS foi presentado aos concellos o 1 de decembro de 2016, introducindo importantes novidades respecto dos plans de anos anteriores coa finalidade de racionalizar e obxectivar a colaboración da Deputación cos concellos da provincia, facilitar a planificación da súa actividade, simplificar as tarefas administrativas, dar resposta ás necesidades concretas de cada concello, reforzar a súa autonomía e contribuír á redución do seu endebedamento cos provedores e coas entidades financeiras; sen esquecer que está feito con criterios obxectivos e todas as bondades deste plan teremos que esperar que dean os seus froitos a finais de ano.

Di tamén que van alá máis de tres meses e tráeo hoxe a pleno a dous días de presentalo diante da Deputación porque finaliza o prazo. Di que xa case podían estar as pistas arranxadas. Este plan máis fácil non llo poden poñer aos concellos e tráeo a dous días de que finalice o prazo, cando a Deputación, sen estar os orzamentos estatais aprobados, xa ten os seus aprobados e presentóullelo o día 11 de decembro. Unha vez máis repróchalle a falta de traballo e compromiso cos veciños deste concello.

Di que xa que votan a favor, esperan que conte con eles para os investimentos que se levarán a cabo en base a ese plan dinámico complementario ou aos fondos municipais.

O Sr. Pose Rodríguez do BNG-AA manifesta que o seu grupo vai votar en contra. Di que se negan a votar a favor dun POS onde o asfaltado de pistas sexa practicamente o único importante que se faga, a parte de amortizar débeda, onde non existe unha planificación de viais que lle leva reclamando dende hai tempo e unha planificación previa onde haxa prioridades e haxa un estudo. Sen unha planificación previa non conte con eles.

Di que hai unha cuestión que lle chama a atención, que quedan pendentes San Pedro de Vilanova, Vedra e Trobe. No blog *Vedra entre follas reviradas* hai un post da persoa que o fixo no que sae a porcentaxe de votos por parroquia e curiosamente son as que o PP obtivo menos votos.

Di que está farto destas historias e que non conten con eles para que lle digan onde teñen que asfaltar. O criterio é do grupo de goberno e non van entrar nese sistema de mercado de favores, que tiñan que ter unha planificación e votarán en contra.

A Presidencia respóndelle ao BNG-AA que o ve un pouco desesperado. Isto que presenta é unha planificación e se trouxera outra o seu grupo diría tamén que non. Dille que critican que se invista en asfaltado, e despois no facebook falan de que non se asfalta. Di que se poñan de acordo polo menos “entre vostedes.”

Continúa dicindo que teñen moita imaxinación e lle dan moitas voltas á cabeza. Dan uns datos que a Presidencia descoñecía, pero que pode desmontarllos rápido porque na



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



propia parroquia de Vedra foi onde máis se asfaltou nos últimos anos (Trasariz, centro de saúde, etcétera). Hai necesidades en todas as parroquias pero non pode dicir que se fan as inversións en función do número de votantes. Di que está equivocado e que llo pode demostrar con realidades, como é o caso das pistas, porque é probable que en parroquias onde tiveron unha alta porcentaxe de votos, como Santa Cruz, nos últimos cinco anos asfaltouse unha pista.

En canto ao PSdG-PSOE, que di que é falta de traballo, contesta que estará acusando aos noventa e tantos concellos da provincia de A Coruña, xa que todos levan estas dúas últimas semanas aprobando o POS.

Dona Beatriz Amenal do PSdG-PSOE di que non sabe que plan presentaron o resto dos concellos da provincia, pero dende logo neste máis simple non pode ser: gasto corrente, amortización de débeda e asfaltados de pistas.

Di que lle gustaría que contara co seu grupo para poder dicirlles as pistas que consideran que teñen máis necesidades. Está segura de que todas as que están lle fai falta o arranxo, e seguro que algunhas quedarán pendentes e espera que cheguen eses cartos sexan do Agader ou do que sexa.

Con respecto ao que di de Santa Cruz, de se asfaltou unha pista nos últimos cinco anos, será porque están metendo as subvencións para investimentos en arranxarlle a ADIF o entorno da estación, que é propiedade deles, non do concello.

Insiste na falta de traballo e de compromiso, xa que podían estar aquí os cartos e as obras comezadas.

O Sr. Pose Rodríguez do BNG-AA di que lle vai facer un favor. Que asfalten en Santa Cruz xa que é a parroquia na que baixou en votos, un 7 %.

Conclúe que a única realidade é que neste POS non inverten nestas tres parroquias que é onde ten menos porcentaxe de votos.

Contesta a Presidencia dicindo que ao Sr. Pose Rodríguez do BNG-AA encántalle realmente a política. A el un pouco menos. Este ano invertirán en todas as parroquias, estarán repartidas e queda o Agader, que será no plan que irán esas parroquias na medida do posible e que a final de ano verán o resultado.

Posto a votación o Plan Provincial de Cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) (POS+2017) o Pleno, con once votos a favor do PP e PSdG-PSOE e dous votos en contra do BNG-AA acorda aprobala.

6º.- Dar conta do Período Medio de Pago do 4º trimestre de 2016.

Dáse conta do Período Medio de Pago do Concello do 4º trimestre do ano pasado, calculado de acordo co establecido no Real Decreto 635/2014, do 25 de xullo, que é de 9,26 días.

O Pleno dáse por informado.

7º.- Contestación ás preguntas formuladas en plenos anteriores.

Á pregunta de Dona Beatriz Amenal do PSdG-PSOE sobre o servizo de taxi que se presta a veciños de Santa Cruz para vir ao médico a Vedra, A Presidencia di que manteñen o mesmo que viña da época de Odón Cobas e que estudarán a situación actual e as modificacións que poida necesitar.



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



Á pregunta de Dona Beatriz Amenal do PSdG-PSOE sobre a activación dun punto de luz en Sarandón, 37, a Presidencia di que non é ese enderezo. Supón que está a falar dun veciño de San Miguel que non está empadroado no concello, pero que si ten un farol aceso diante da casa. É certo que ten polo outro lado da finca outro farol e que foi un dos 600 que se apagaron no seu momento.

Esta persoa explica a importancia de telo funcionando tamén e a Presidencia tamén lle explica a importancia de estar empadroados en Vedra e están nese debate. Faille un matiz: unha persoa paga impostos no concello de IBI, lixo, etcétera porque é propietario igual ca que ten un piso en Miño paga alí o IBI e o lixo porque é propietario. Como saben, un empadroado, teña ou non propiedades, si contribúe a que o concello reciba unhas cantidades determinadas das transferencias estatais e polo tanto axuda a manter os servizos deste concello. Non é o mesmo estar empadroado ca non estalo.

Á pregunta de Dona Beatriz Amenal do PSdG-PSOE sobre a resolución da alcaldía coa aprobación da factura 2/2016 de Celia Alegre, a Presidencia di que a adxudicación dese traballo é por un importe de 7581 €. Hai unha primeira factura que si foi a Xunta de Goberno cun importe de 2783 €, polo tanto esta factura é polo resto do importe, 4798 €. Foi en resolución de alcaldía porque non había Xunta de Goberno antes do 30 de novembro, que era cando remataba o prazo para presentar a xustificación da subvención.

Á pregunta de Dona Beatriz Amenal do PSdG-PSOE sobre o custe da obra da pista polideportiva, a Presidencia di que a obra ascende a 36.106,40 € con IVE.

Á pregunta de Dona Beatriz Amenal do PSdG-PSOE sobre o Decreto 606 de data do 30/12/2016 de aprobación de facturas, a Presidencia di que son resolucións que se aproban todos os anos ao final, o último día hábil do ano dentro do concello porque poden pasar dúas circunstancias como pasou este ano. Unha, que na última Xunta de Goberno do 27/12/2016 poden entrar despois facturas e hai que aprobalas; ou poden ser tamén facturas presentadas anteriormente, pero que neses últimos remanentes hai que facer modificacións de crédito, pois non se sabe se vai haber fondos suficientes para aprobalas ou non e quedan para o final para facer eses pequenos movementos de crédito. De feito cre, segundo di tesourería, que hai unha resolución de alcaldía cos movementos de crédito para o día 30. Inténtase aprobar o maior número de facturas dentro do ano.

Di que son 27 facturas, e como van dentro dunha resolución da alcaldía non se ven igual ca nunha Xunta de Goberno. Mañá enviaranse.

Á pregunta de Dona Beatriz Amenal do PSdG-PSOE sobre o convenio que asinou o concello para crear bolsas de vivendas sociais, a Presidencia di xa quedou contestada no pleno anterior.

Á pregunta do Sr. Lago Lestón do PSdG-PSOE sobre o asfaltado da pista da gardería, a Presidencia di que é unha das que vai no POS.

Á pregunta do Sr. Lago Lestón do PSdG-PSOE sobre a pista do pavillón polideportivo, a Presidencia di que o chan era un tema que necesitaba reforma, que había que buscar o mellor chan posible tendo en conta que o colexio úsao todos os días, e que é unha pista que ten moita actividade todos os días e era necesario algo que resistise toda esa actividade e un prazo mínimo de dez anos.

Di que se optou por unha pista de última xeración, que son moi boas, imitan o parqué e mellora o 200% todas as actividades, salvo a actividade de patinaxe. Canto máis e mellor amortecemento, máis agarre, co que existe un problema sobre todo cos niveis máis avanzados de patinaxe. Houbo unha xuntanza cos pais para explicarlle a situación



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



e estanse buscando alternativas provisionais e outras de cara ao futuro para poder manter esa actividade.

Cre que mellora ao 100% a actividade deportiva xeral, pero é certo que prexudica a actividade de patinaxe.

Á pregunta do Sr. Lago Lestón do PSdG-PSOE sobre o sistema de calefacción no pavillón, a Presidencia di que xa está contestada.

Á pregunta do Sr. Lago Lestón do PSdG-PSOE sobre a implantación dos vídeos dos plenos en Youtube a Presidencia di que preguntou se servía o equipo que tiñan agora mesmo e lle dixeron que non. Que está pendente de que lle digan canto custa montar un sistema que permitise facelo.

Á pregunta do Sr. Castro Rocamonde do BNG-AA sobre a solicitude de subvención á Deputación de A Coruña para crear un servizo de normalización lingüística, a Presidencia cédelle a palabra ao Sr. Vázquez Martínez que di que non teñen solicitado ningunha subvención para ese fin porque se están a cubrir esas funcións con persoal propio do concello que conta coa licenciatura correspondente para poder levalas a cabo.

Á pregunta do Sr. Castro Rocamonde do BNG-AA sobre a solicitude de axuda á Deputación de A Coruña para a compra de 2 vehículos, a Presidencia di que son das subvencións nominativas da Deputación que non entran nas outras liñas de subvención. O importe financiado son 55.500 €, que é o 80% e o 20% restante, 13875. En total 69.375 €. Cando haxa adxudicación as baixas son proporcionais e afectan ás achegas do concello (20%) e da Deputación (80%).

Di que o parque móbil do concello está composto por: camión BULL, Pick-up de PC, camioneta con caixa aberta e grúa, Nissan Vanette, que literalmente xa morreu, 2 Nissan Patrol usados por Lobato e pola brigada verde, que son os 2 que se queren substituír; 1 Citroën C15 para as traballadoras do servizo de limpeza da quenda de mañá. Tamén están os camións de recollida do lixo (novo e vello) e un vello para o lavado de colectores.

Á pregunta do Sr. Castro Rocamonde do BNG-AA sobre da petición do informe do SAF, a Presidencia di que está pendente de resolver.

Á pregunta do Sr. Castro Rocamonde do BNG-AA sobre a APP móbil para o concello, a Presidencia cédelle a palabra ao Sr. Vázquez Martínez que di que si houbo unha subvención da Xunta de Galicia de aproximadamente 2000 € de Política Lingüística.

Á pregunta do Sr. Pose Rodríguez do BNG-AA sobre se existen débedas pendentes coa Escola de música de Vedra, a Presidencia di que hai que distinguir 2 cuestións. Primeira; as contías ordinarias son 6.000 € anuais por convenio que foi renovado no ano 2015. Di que teñen que presentar facturas por parte deles, que se aproban en Xunta de Goberno e se pagan. Nos últimos meses do ano pasado non presentaron facturas e cree que as presentaron todas na última Xunta de Goberno por un importe de 3.500 € e nestes días fíxose o ingreso.

A segunda cuestión é que no momento no que entran no goberno, tanto con esta escola como coa outra e co Olímpico de Vedra, había cantidades pendentes de pago, retrasos e colleunos a crise. Nese momento falouse con eles para que apertasen o cinto neses anos, pero á vez non perdesen esas cantidades. Por exemplo, se a escola de música de Vedra tiña que recibir 6.000 €, recibiron 4000 € pero non perderon o resto, pero que se intentaría dar cando se recuperase a economía. Cando se renovou o convenio no ano 2015, deixáronse previstas esas outras cantidades, que neste caso, eran para repartir en 3 anos, unha axuda de 3.000 € anuais independentemente da outra axuda.



Di que non sabe se presentaron facturas ou xustificacións diso, pero que en calquera caso nunca van perder eses cartos se non poden xustificalos agora. Nas renovacións do convenio irán deixando o que quede pendente de atrás. O máis importante é que todos poidan xustificar o máis pronto posible para pagar o máis pronto posible.

Á pregunta do Sr. Pose Rodríguez do BNG-AA sobre a situación da oficina de Correos, a Presidencia di que para a semana que vén farán unha reunión para facer unha declaración conxunta todas as forzas de Vedra.

Á pregunta do Sr. Pose Rodríguez do BNG-AA sobre o camiño de Pousada, a Presidencia di que eran máis ben comentarios.

Á pregunta do Sr. Pose Rodríguez do BNG-AA sobre a característica medio ambiental da pavimentación da estación de Santa Cruz, a Presidencia di que é unha obra subvencionada dentro dun plan desa consellería que é o plan Hurbe.

Á pregunta do Sr. Pose Rodríguez do BNG-AA sobre o exceso de celo coa parroquia de Santa Cruz, a Presidencia di que non é certo nin se corresponde coa realidade.

8º.- Rogos e preguntas.

-- Dona Beatriz Amenal do PSdG-PSOE pregunta:

1.- No POS do ano pasado destinouse unha partida para o proxecto de urbanización de A Torre en San Xián de Sales que o seu grupo apoiou. Na Xunta de Goberno do 08/02/2017 vén unha factura do 31/01/2017 por un importe de 31.510 € por obras complementarias á urbanización de A Torre. A que obras complementarias se refire?

É unha obra que xa levaba un proxecto e tivo que ser unha obra importante polo importe. É unha obra do ano pasado que se paga este ano con cargo aos orzamentos prorrogados.

2.- Teñen constancia dun roubo na nave de Trobe de titularidade municipal en decembro, no que ademais se produciron numerosos danos (portas, fiestras...) polo que o deterioro do interior non se vai facer esperar. Que pensan facer? Que están facendo?

3.- Solicita que se faga un catálogo de camiños coas mesmas características do camiño de Pousada que arranxou o concello para saber cantos pode haber e cales se poden conservar con esas características.

4.- Respecto ao emprego no concello cree que o emprego que se está creando é grazas ás subvencións doutras administracións, e que se está lavando as mans cando podían facer algo directamente. Refírese á praza de limpadora que sacaron como autónoma contribuindo á precariedade do emprego. O mesmo pasa coa brigada de obras. Teñen pensado amortizar esa praza? Van facer algo ao respecto?

-- O Sr. Lago Lestón do PSdG-PSOE pregunta:

1.- Que pasou co Entroido de Vedra?. Non o ve por ningún lado, polo menos como era antes.

2.- No Centro da Terceira Idade estivo de baixa Mª C. e púxose alguén no seu sitio para cubrir esa praza. Como se leva o tema das substitucións? Existen listas de agarda?

Chegoulle aos oídos que cando falta Mª C. ponse alí algunha das persoas que van ao centro a servir copas. Teñan coidado porque se poden meter nunha lea.

3.- Sobre a pista polideportiva agrádelle que polo menos dera a cara. Non está de acordo con que diga que se mellorou a actividade deportiva nun 100%. Iso é mentira, porque unha delas, patinaxe, non se pode realizar agora.

Ten constancia de que tampouco é fácil correr pola pista. A zona azul está moi ben para correr, pero dentro da pista non é moi cómodo correr. Non sabe se o parqué dura 2,10



ou 20 anos, pero debe mirar o equipo de patinaxe do Liceo, que teñen parque e úsano todos os días. Que problema ten o parque?

Rogaríalle que o solucionase canto antes da mellor forma para todos. Hai que intentar cubrir as necesidades de todos á maior brevidade posible e sen un gasto moi elevado a maiores.

A Presidencia di que o tema de deportes coñéceo profundamente. Dixo que as actividades deportivas que se fan no pavillón, salvo patinaxe que empeora, melloraron o 100%. O golpeo permanente no cemento machuca moito as articulacións.

4.- Respecto ao colgar os vídeos en Youtube di que non serve este sistema para gravar os vídeos, que é complicado e que hai que pedir presuposto. Pode asegurarlles que noutros concellos poñen unha cámara cun trípode e eses vídeos despois súbenos a internet. É así de simple. De feito nalgúns concellos é a propia oposición, pola negativa do grupo de goberno, a que pon a cámara, grava os plenos e os sube. Gustaríalle que implantaran un canal de Youtube para subir os vídeos dos plenos e tamén para subir calquera outro tipo de actividades que se leven a cabo no concello. Melloraría a transparencia e visibilidade do concello.

5.- Sobre o tema do farol de Sarandón di que se esta é a forma que teñen vostedes de que a xente se empadroe e asentar poboación no concello, van moi mal. Esa non é a forma. Hai que intentar incentivar doutra forma, facer atractivo o concello e non prohibir cousas.

6.- Non digan que non lles gusta a política porque iso é mentira. Se non lles gustara non tiñan 3 ou 4 persoas en cada mesa electoral riscando os nomes un por un. Se saben os votos que teñen en cada parroquia, non sei se despois tomarán decisións a partir deses datos, pero non mintan.

--O Sr. Castro Rocamonde do BNG-AA di:

1.- Non dá crédito ao que escoitou da negociación entre o farol do veciño e o empadroamento. É surrealista.

A Presidencia manifesta que dixo exactamente que era un dos farois apagados no seu momento no plan de aforro. Que é una persoa que non está empadroada que lles explica a importancia que para el ten ese farol, e o grupo de goberno explícalle a importancia que ten que se empadroe.

O Sr. Castro Rocamonde do BNG-AA di que entón o de negociar votos con farois non é unha lenda urbana. Hai un intercambio de favor e servizo.

2.- Respecto ao servizo de normalización lingüística deulle a impresión de que están satisfeitos co mesmo ou coas actividades que se están desenvolvendo nesta área por parte do goberno. Gustaríalles que faga unha memoria das actividades que leva feito este servizo ou departamento no último ano. Veulle á memoria o gasto de 1.800 € en terróns de azucre e unha exposición dunhas máquinas de escribir ou algo parecido que se fixo o ano pasado polo Día das Letras Galegas. Probablemente se fixesen máis cousas e se fose posible fagan unha memoria diso.

3.- No verán pasado realizouse un campo de traballo no concello. Que cantidade pagou o concello para este campo de traballo en concepto de comidas e alimentos?

4.- Parece que ten previsto o asfaltado dun tramo da antiga N-525 en Santa Cruz. De quen é a titularidade desa vía?

--O Sr. Pose Rodríguez do BNG-AA pregunta:

1.- O alcalde de Vedra, aprobou a externalización da xestión do Punto Limpo Municipal, mediante a sinatura dun contrato de cesión de maquinaria pública á empresa



COREGAL. Supostamente a cambio desta cesión de maquinaria, a empresa xestionará o citado punto limpo.

COREGAL xa foi beneficiaria dun regalo parecido, coa cesión dun camión do lixo, despois de acometer unha reparación de dous millóns de pesetas.

A aprobación do citado contrato de externalización, non se realiza en Xunta de Goberno, nin se consulta en Pleno, motivo polo que os concelleiros da oposición non se decatán do proceso ata tres meses despois da sinatura do mesmo.

Consultado o secretario municipal, o procedemento para realizar a operación de externalización é legal, e prodúcese sen consulta da Xunta de Goberno e do Pleno municipal mediante resolución municipal (dato este que non quedou claro na consulta). En todo caso, o contrato é un DOCUMENTO xerado por efecto dunha resolución, ou acordo dun órgano municipal (Alcaldía).

Á vista dos artigos 14, 15 e 16 do ROF cabe distinguir dúas modalidades de acceso aos documentos municipais polos concelleiros, sendo independente que formen parte de expedientes en trámite ou terminados:

Unha delas é de libre acceso (artigo 15 do ROF), e será preceptiva, entre outras, cando se trate do acceso ás resolucións ou acordos adoptados por calquera órgano municipal.

Como o procedemento para realizar a operación de externalización prodúcese mediante resolución municipal, entendemos que o citado documento é de acceso libre, sen xustificación.

Advírtese, así mesmo, que o concello, ten a obriga de subir todos os contratos e convenios asinados ao portal de transparencia, para que estes sexan de público acceso.

Tendo en conta que o secretario municipal solicitou unha motivación detallada para acceder a unha copia do convenio:

Cal é o motivo de que o Secretario Municipal e o Alcalde insistan en humillar á oposición solicitando unha motivación detallada, para recibir unha copia dun convenio de carácter público, que debería estar colgado no portal de transparencia municipal?

Considera o Alcalde que é un procedemento xusto o que está a acontecer ultimamente no concello co acceso á documentación municipal por parte da oposición?

Nota o Alcalde algún cambio substancial en materia de transparencia municipal dende que acadaron maioría absoluta?

Pensan que custa 7000 €, catro lavados de colectores?

Creen sensato que o beneficiario do convenio co Xunta e a Fegamp, en teoría para mellorar e adaptar os puntos limpos, termine beneficiando unha empresa privada?

2.- Solicita un informe do secretario municipal no que se valore a legalidade do acontecido coa solicitude de documentación rexistrada o día 07 de febreiro de 2017, e sobre a oportunidade da contestación do propio secretario con data do 9 de febreiro.

3.- Solicita que lle recorde ao secretario municipal o indicado sobre o ROF e a existencia dun portal de transparencia, xa que non está seguro de que o saiban.

4.- Se o concello ten un escudo, por que lle poñen unha insignia no pavillón? Que problema ten que non haxa o escudo municipal no pavillón?

5.- Sobre o Entroido de Vedra di que está en mans da comisión de festa e que probablemente verán ao alcalde e a Enrique este sábado facerse unha foto na TVG.

6.- Quere facer unha aclaración: un canal de Youtube e absolutamente gratuíto.

Dona Beatriz Amenal do PSdG-PSOE di que acaban de comprobar que tanto no anterior pleno como no de hoxe non se conseguiu ver por streaming.

Conclúe ao fío das vinte e dúas horas e corenta e cinco minutos.